



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE 3 POSTOS DE TRABALLO DE PEÓN DE OBRAS EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, FINANCIADO DO PLAN PROVINCIAL PEL-CONCELLOS 2025, EXPTE. 02_2025_SPL.

En cumprimento do establecido na base 11 das que rexeron o procedemento de selección 02_2025_SPL convocado por Decreto do Alcalde número 237/2025 de 21 de marzo de 2025, para a provisión temporal de 3 postos de traballo de peóns da brigada de obras financiada con cargo ao programa da Deputación Provincial da Coruña PEL-CONCELLOS 2025, faise público que por Decreto do Alcalde número 302/2025 de 8 de abril de 2025, adoptouse o seguinte acordo:

« **Segundo.** Nomear persoal laboral temporal do Concello de Padrón a:

- Ramón Domínguez González
- José Antonio Grela Brea
- Vicente Dopazo Castro

para proveer 3 postos de traballo coas seguintes características:

- Denominación do posto: peón de obras.
- Duración: 7 meses.
- Servizo a desenvolver: realización de traballos de arranxos nos accesos a núcleos de poboación, traballos de mantemento e conservación da pavimentación de vías públicas, beirarrúas e entornos etnográficos e, en xeral, pequenas obras de reparación e mantemento que poidan xurdir en momentos puntuais en diferentes locais ou zonas do concello.
- Categoría: peón
- Xornada laboral: 30 horas de promedio en cómputo semanal. A distribución diaria desta xornada realizarase en horario de 8:00 a 15:00 horas de luns a venres.

Terceiro. Formalizar cos seleccionados o correspondente contrato laboral de duración determinada na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, segundo o Real Decreto 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, lexislación que lle será aplicable sen perxuízo do disposto na lexislación que sexa de aplicación ao persoal ao servizo das Administracións públicas e especialmente á administración local, financiado con cargo ao Programa provincial PEL-CONCELLOS 2025 da Deputación Provincial da Coruña.

Cuarto. Requirit a Sr. Ramón Domínguez González, José Antonio Grela Brea e Vicente Dopazo Castro para que se personen nas oficinas municipais, no prazo máximo de 2 días hábiles dende a recepción da notificación da presente, para os efectos de formalizar os contratos de traballo identificados anteriormente.

Quinto. Dar traslado da mesma aos servizos de Intervención-Tesourería e ao Comité de Empresa do Concello de Padrón e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Sexto. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do

Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.»

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca.